

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027654	IES Agra de Leborís	A Laracha	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	3
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	4
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	6
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	6
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	6
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	7
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	7
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	7
o) Outros apartados	7

### **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

O noso centro adecúa os obxectivos xerais das etapas da ESO e do Bacharelato segundo a nosa oferta educativa. Estes obxectivos toman como referencia o establecido nos marcos normativos vixentes e tendo en conta o noso Proxecto Educativo e as necesidades educativas que se van concretando na Programación Xeral Anual.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

### **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

O noso centro adecúa as competencias claves ás etapas da ESO e do Bacharelato. Estas competencias clave toman como referencia o establecido nos marcos normativos vixentes, tendo en conta o noso Proxecto Educativo de centro e as necesidades educativas que se van concretando na programación xeral anual.

Neste caso, dende o centro cada departamento didáctico resolve as concrecións de ditas competencias para a súa adquisición, valorándose a posibilidade de recibir formación específica neste tema.

Procederáse a ter en conta a avaliación por competencias establecida nesta aplicación de cara este novo curso escolar. Terase en conta a avaliación por competencias que se establecen dende esta aplicación, sempre con carácter orientativo.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Os criterios para incorporar os elementos transversais teñen como referencia os proxectos específicos e as propostas dos distintos departamentos didácticos e equipos, que se van concretando cada curso escolar na programación xeral anual.

Respecto dos proxectos específicos, os contidos transversais concréntanse nos que seguen: igualdade e coeducación, convivencia e cooperación, educación para a saúde, hábitos de vida activa e saudable, educación afectivo-sexual, prevención e resolución pacífica de conflitos, educación para a non discriminación, prevención da violencia de xénero, entre outros, tal como se reflicte no Proxecto Educativo.

No curso escolar 2023-2024 solicítase do Contrato-programa CPIInclúe na Modalidade Iguale-T co obxecto de fomentar a inclusión educativa, romper coa transmisión dos estereotipos e eliminar as desigualdades entre homes e mulleres, para previr e abordar a violencia de xénero así como para pór en valor a diversidade afectivo-sexual e de xénero e o respecto a todas as persoas. Incluído como Seminario no Plan de Formación Permanente do Profesorado.

Continuidade do Plan Proxecta "Proxecto de vida activa e saudable" coordinado polo Departamento de Educación Física.

Continuidade do Plan Director para a Convivencia nos centros educativos, tanto na ESO como no Bacharelato e segundo as necesidades e intereses que van xurdindo, concretadas e impartidas por un representante da garda civil.

Solicitado e concedido o programa educativo "iniciación segura á pegada dixital e as redes sociais, cun obradoiro para 2º da ESO, segundo a Resolución do 13 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o programa educativo Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes de CCEFPD no curso 2023-2024.

Solicitada a participación nos "Polos creativos" para fomentar a creatividade a través da superación de retos, a consecución de proxectos, a resolución de problemas, a realización de prototipos, a construción de resultados tanxibles, etc. segundo o establecido na Orde do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería. Incluído como Grupo de Traballo no Plan de Formación Permanente do Profesorado.

Incluiríase nesta participación un proxecto proposto polo departamento de Inglés, Etwinning. Solicitada a participación no programa de Intercambios Escolares EduExchanges de intercambio en liña de alumnado con centros educativos estranxeiros, segundo o establecido na resolución do 24 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduExchanges de intercambio presencial de alumnado con centros educativos doutros países durante o curso 2023/2024. Ademais doutros temas que se traballan dende as propias programacións didácticas, e dende o programa de actividades complementarias e extraescolares coordinados pola Vicedirección.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Os criterios sobre a metodoloxía se van concretando no noso Proxecto Educativo segundo a normativa vixente. Trabállase segundo os principios de atención á diversidade: normalización, inclusión, non discriminación e igualdade efectiva.

Establécense as seguintes adaptacións metodolóxicas:

- Reforzos educativos para alumnado con exención de 2ª lingua estranxeira (Francés e Portugués) en 1º en 2º da ESO,
- Reforzos educativos a nivel de aula,
- Adaptacións curriculares,
- Apoios específicos de pedagogía terapéutica,
- Optatividade específica tanto na ESO como no Bacharelato
- Itinerarios formativos en 4º da ESO
- Optatividade específica en 4º da ESO.
- Afondamentos nas materias instrumentais, Lingua Galega e Lingua Castelá, en 1º da ESO.
- Afondamentos nas materias de Educación Física e Música en 2º da ESO.
- Afondamentos/Obradoiros nas sesións de Libre Disposición en Bacharelato.
- Seccións bilingües en 3º da ESO, nas materias de Música e Educación Plástica, coa participación do programa de auxiliar de conversa.

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os criterios xerais sobre materiais e recursos didácticos, concréntanse no uso de libros de texto na ESO e Bacharelato nalgunhas materias, nas elaboracións propias (apuntamentos, fichas, dossieres...) e na adaptación dos recursos didácticos nas Aulas Virtuais.

Cada curso escolar particípase na solicitude do Fondo Solidario de Libros de texto na ESO, ademais de vales para a adquisición de material escolar.

Por outro lado, inclúese a concreción de actividades complementarias e extraescolares como recursos de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

#### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

Os criterios de oferta educativa, tanto para a ESO como para o Bacharelato, realízase segundo o aprobado nas comisións de coordinación pedagóxica.

En 1º da ESO ofértase afondamento nas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá (unha sesión para cada materia).

En 2º da ESO ofértase afondamento nas materias de Educación Física e Música (unha sesión para cada materia)

Respecto da 1ª e 2ª lingua estranxeira, ofértanse Inglés, Francés e Portugués.

En 3º da ESO ofértanse todas as materias e impártense segundo as preferencias do alumnado (as que máis se solicitaron cun mínimo de 10 alumnos/as). Ofértase unha Sección Bilingüe coa impartición das materias de Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual en Inglés.

En 1º de Bacharelato contamos coas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, e Humanidades e Ciencias Sociais. Respecto á alternativa a Relixión ofertamos dous obradoiros para a atención educativa, do departamento de Xeografía e Historia, e do departamento de Inglés, impartíndose o de Inglés por preferencia do alumnado (en ningún caso pode concretarse en forma de materia nin levará asociada unha cualificación, segundo o establecido na

Disposición adicional segunda. Atención educativa da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa). Respecto da 1ª e 2ª lingua estranxeira, ofértanse Inglés, Francés e Portugués. Inclúese na oferta de materias optativas específicas as propostas polos departamentos didácticos de Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual: Linguaxe e Práctica Musical, e Debuxo Artístico I.

Tanto nas materias troncais de opción, como nas materias optativas autonómicas, escollerán por orde de preferencia, impartíndose as máis demandadas e segundo os recursos cos que conte o noso centro.

En 2º de Bacharelato tamén contamos coas dúas modalidades, ofertándose coa materia de Relixión a de sesións de Libre Disposición para atención educativa enfocadas nas seguintes temáticas:

- Actividade física saudable (por solicitude da maioría no curso 2023-2024)
- Debuxo con autocad 3D
- O mundo da francofonía
- O mundo da lusofonía
- Obradoiro de destrezas orais en lingua estranxeira inglés II
- Proxectos de investigación
- Taller de expresión escrita

En ningún caso poderá concretarse en forma de materia nin levará asociada unha cualificación, segundo o establecido na Disposición adicional segunda. Atención educativa da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Tanto nas materias troncais de opción, como nas materias optativas autonómicas, escollerán por orde de preferencia, impartíndose as máis demandadas e segundo os recursos cos que conta o centro.

Respecto das materias de continuidade no Bacharelato, tanto específicas como de opción, dende a comisión de coordinación pedagóxica, priorizarase manter dita continuidade, ao ser centro único no Concello da Laracha. Sempre que haxa demanda solicitarase autorización á Inspección Educativa.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias seguen criterios pedagóxicos para a súa concreción, planificación e realización. As actividades que implican o desprazamento do alumnado en transporte están subvencionadas polo centro educativo e polo Concello da Laracha.

Respéctase a ratio establecida entre alumnado-profesorado para a organización das saídas. Na maioría dos casos ofértase a todo o alumnado agás se a actividade ten aforo limitado, polo que se opta por elixir un nivel específico ou facer un sorteo. Tamén se ten en conta o establecido no Plan de Convivencia podéndose aplicar a medida específica de suspensión do dereito a participar nestas actividades, segundo o establecido na normativa.

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O centro conta cun modelo específico de documento no que concretar o plan de reforzo ou de recuperación do alumnado con materias pendentes (sen superar) que se elabora ao inicio do curso escolar e debe remitirse ás familias.

Neste documento explícase como traballar as materias pendentes de recuperación e como traballar co alumnado repetidor.

No caso de alumnado con materias pendentes de continuidade farase cargo o profesorado do nivel que coincide con dita materia.

No caso de materias que non teñen continuidade, farase cargo o responsable do departamento didáctico. Indicarase que tarefas deben realizar, haberá sesións de atención ao alumnado e datas para a realización de probas específicas. O procedemento para cumprimentar este plan faise en dúas fases:

- Na xunta de avaliación final, do curso 2022-2023, no que se recollen aqueles aspectos a destacar do curso anterior para atender ao alumnado.
- Na xunta de avaliación inicial do curso actual, 2023-2024, para completar o profesorado tomando como referencia o do curso anterior (podendo ou non coincidir os docentes).

Tómase como referencia o establecido na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto

229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O centro conta cun modelo específico de documento no que se concreta o plan de reforzo do alumnado repetidor que se elabora ao inicio do curso escolar e debe remitirse ás familias. O documento o elabora o titor/a co asesoramento do Departamento de Orientación e incluírá as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias, contando coa intervención de todo o equipo docente.

O procedemento para cumprimentar este plan faise en dúas fases:

- Na xunta de avaliación final, do curso 2022-2023, no que se recollen aqueles aspectos a destacar do curso anterior para atender ao alumnado.

- Na xunta de avaliación inicial do curso actual, 2023-2024, para completar o profesorado tomando como referencia o do curso anterior (poden ou non coincidir os docentes)

Tómase como referencia o establecido na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Os criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación están concretados no noso Proxecto Educativo e foi aprobado o curso pasado, 2022-2023, segundo o marco normativo vixente, estando pendente, se procede, concretar o establecido nos novos desenvolvementos dos marcos normativos:

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Está publicitado na páxina web do centro.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Os criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación están concretados no noso Proxecto Educativo e foi aprobado o curso pasado, 2022-2023, segundo o marco normativo vixente, estando pendente, se procede, concretar o establecido nos novos desenvolvementos dos marcos normativos.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Está publicitado na páxina web do centro.

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas están debidamente resoltas por cada departamento.

Cada departamento fará publicidade dos contidos mínimos, criterios de cualificación e avaliación para que estean dispoñibles tanto para o alumnado como para as familias na aula de referencia, na páxina web do centro e, se procede, na aula virtual.

## **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Ao inicio de cada curso escolar, no Claustro e no Consello Escolar, valórase e apróbase a participación en distintos proxectos, plans e programas.

Neste caso contamos cunha Sección Bilingüe con auxiliar de conversa en inglés, Plan Proxecta "Proxecto de vida activa e deportiva" coordinado polo Departamento de Educación Física, Plan de Formación Permanente do Profesorado con dúas liñas de traballo coordinado pola dirección, Club de Lectura, EDLG, Plan Dixital, entre outros.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O procedemento de revisión, avaliación e modificación da concreción curricular realizarase con carácter trimestral e ao finalizar o curso escolar.

De haber algunha modificación resolverase cando proceda.

## **o) Outros apartados**

### **1. NECESIDADES ESPECÍFICAS SEGUNDO RATIO E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO**

O aumento da ratio do alumnado e as características das aulas no noso centro condiciona a labor docente, no proceso de ensino-aprendizaxe. Os grupos de referencia, tanto na ESO como no Bacharelato deberían baixar a ratio, co obxecto de favorecer a calidade no ámbito educativo e pedagóxico. Ademais, debemos deixar reflectido o aumento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e alumnado con necesidades educativas especiais a nivel de grupo-clase, o que condiciona a atención individualizada e personalizada, precisando aumentar a dotación de recursos humanos especializados.

Neste momento, precisamos utilizar aulas específicas como aulas de referencia para dar cabida ao aumento da ratio do alumnado nalgúns grupos, sobre todo no bacharelato.